

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. POETA AÑÓN

CURSO: 4º E.S.O.

MATERIA: V.E.

DEPARTAMENTO: X. e H.

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....pax 2
2. Avaliación e cualificación.....pax 3
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)pax 4
4. Información e publicidade.....pax 5

ANEXO I (Rúbrica)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.	Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.
Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social.	Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes(defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.
Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas	Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.
Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos.	Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.
Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.	Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Traballos e tarefas de ampliación dos contidos.
	Instrumentos: Rúbrica (Anexo I)
Cualificación final	Todo o alumnado que cursou a materia de V. E. en este nivel ate a <i>ALERTA SANITARIA</i> , está ao 100% aprobado. A nota final será o resultado da nota media das dúas avaliacións anteriores a 1ª e a 2ª. O alumnado con as dúas avaliacións aprobadas poderán aumentar a cualificación en (1 punto, mediante rúbrica) a nota media obtida nas avaliacións anteriores, segundo o traballo realizado no 3º trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	Non se fará proba extraordinaria en setembro, xa que todo o alumnado matriculado na materia ten os dous primeiros trimestres aprobados.
Alumnado de materia pendente	A materia V. E. non ten alumnado coa materia pendente.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Ampliación e repaso de contidos.</p> <p>1- Actividade: Tema para traballar e elaborar unha actividade por escrito : UTOPIA e DISTOPIA. Ler un artigo compartido para logo facer unha reflexión e responder un cuestionario.</p> <p>2- Actividade: Ler artigo compartido e facer un breve resumo.</p> <p>3-Actividade: Buscar información e explicar como funciona a democracia en España (que eleccións hai, cada canto se celebran, quen pode votar, cales son o tres poderes e onde se atopan) .</p> <p>4- Actividade: Traballo audiovisual. DESPEDIDA.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Enlaces de interese e instrucións por publicación no Departamento de <i>Xeografía e Historia</i> con enlace dende o departamento de Debuxo na páxina web do centro e a través de gmail, para seguimento e recordatorios.</p> <p>Para o alumnado sen conectividade empregaranse as seguintes canles: A través de Juana no concello de Outes, alí o imprimen e llo levan e recollen a casa. Se o/a alumno/a ten teléfono farase un seguimento mediante chamada e texto en Whasapp.</p> <p>Familias informadas por Abalar da metodoloxía empregada pola materia de V.E.</p>
Materiais e recursos	<p>Enlaces de interese e instrucións por publicación no Departamento de <i>Xeografía e Historia</i> e gmail, para seguimento, resolución de dúbidas e recordatorios.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Familias informadas por Abalar da publicación da adaptación curricular na paxina web do centro. Alumnado, por escrito en gmail.
Publicidade	Este documento será publicado na páxina web do I.E.S. na área do departamento de Xeografía e Historia, ao lado da programación do curso 2019/2020 xa exposta.

ANEXO I**RUBRICA SEGUIMIENTO ALUMNADO <ALARMA SANITARIA 2020>**

CURSO:	PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES PROPOSTAS	NIVEIS DE DESEMPEÑO				
	ALUMNO/A:	ASPECTOS	SEMPRE (1)	CASE SEMPRE (0,50)	AS VECES (0,25)	NUNCA (0)
		O/A ALUMNO/A RESOLVE AS SÚAS DÚBIDAS A TRAVÉS DAS CANLES AXEITADAS EN TEMPO E USANDO AS FERRAMENTAS DIXITAIS DE FORMA AXEITADA.				
		ENTREGA AS ACTIVIDADES PROPOSTAS NO PLAZO ESTABLECIDO, E CANDO NON O FAI É POR UN MOTIVO XUSTIFICADO.				
		AMOS A INTERES POR RESOLVER AS SÚAS DÚBIDAS.				
		AMOS A RESPONSABILIDADE E AMPLÍA INVESTIGANDO POLA SÚA CONTA OS CONTIDOS COMPARTIDOS, AMOSANDO INTERÉS POR APRENDER.				
		INTERACTÚA COA MATERIA, (SEMPRE QUE NON TEÑA NINGÚN TIPO DE INCIDENCIA QUE LLELO IMPIDA).				
		Suma do total dividido entre 5				